

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TEO E PEDRO PABLO GUTIERREZ BUJÁN (FUEGO Y MAR)

No día da data da sinatura dixital, e aos efectos da sinatura do Convenio arriba referenciado, **INTERVEÑEN,**

Dunha parte, Dona LUCÍA CALVO DE LA UZ, con DNI ***2720**, alcaldesa do Concello de Teo (A Coruña), na representación legal que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, Don PEDRO PABLO GUTIÉRREZ BUJÁN, con DNI número ***5811**, e domicilio en [redacted] no seu propio nome e representación, director do Centro de Formación FUEGO Y MAR, Formación Integral, sita no lugar de A Póboa nº 16 Montouto, 15894 Teo (A Coruña).

Ámbolos dous comparecentes recoñécense con competencia e capacidade, respectivamente, para obrigarse e formalizar o presente Convenio de Colaboración, e a tal efecto

EXPOÑEN

1. Que o Centro de Formación FUEGO Y MAR está homologado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante (DGMM) Ministerio de Fomento, para a expedición de Certificacións de Seguridade Marítima, segundo o Convenio Internacional sobre Normas de Formación, Titulación e Garda da Xente do Mar (cuxo texto consolidado se denomina internacionalmente Convenio STCW-78/95), e atópase rexistrado no Rexistro de Centros de Formación da Xunta de Galicia, co número de Censo 1504181, mediante a acreditación de varias especialidades formativas de Certificados de Profesionalidade.

2. Que o Centro de Formación FUEGO Y MAR, con sede no termo municipal de Teo, vén desenvolvendo dende o ano 2016 as súas actividades formativas no ámbito das emerxencias e, dentro destas, en diversas especialidades como a prevención, loita contra incendios e extinción, primeiros auxilios, simulacros de evacuación, seguridade e rescate en traballos en altura e en espazos confinados e seguridade marítima profesional, tanto a entidades públicas, como a promotores privados que solicitan os seus servizos docentes, en diferentes cidades de Galicia, e demais territorio nacional, tanto peninsular como insular.

3. Que o Centro FUEGO Y MAR atópase na actualidade en pleno proceso de acreditación ante a Consellería de Emprego da Xunta de Galicia, para a impartición de diversos Certificados de Profesionalidade integrados na Familia Profesional de Seguridade e Medio Ambiente, e dentro dela na Área Profesional de Seguridade e Prevención (SEAD). Os referidos Certificados que se pretenden acreditar son os que se indican a continuación:

	Nome do Certificado
SEAD0111	Extinción de Incendios e Salvamento.
SEAD0211	Prevención de Incendios e Mantemento.
SEAD0411	Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural.
SEAD0511	Coordinación de operacións en incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural.

4. Que para levar a cabo a referida acreditación, o Centro FUEGO Y MAR precisa dispor dunha serie de espazos naturais nos cales se poidan levar a cabo diversas actuacións e/ou exercicios prácticos pertencentes ás accións formativas que se pretenden acreditar, e incluídos no deseño curricular de cada unha delas e a tal efecto, con data de 8 de agosto de 2023, Pedro Pablo Gutiérrez Buján, director do Centro de Formación FUEGO Y MAR, solicita a formalización do correspondente Convenio de Colaboración co Concello de Teo.

5. Con data de 14 de agosto de 2023 emitiuse informe pola Secretaría municipal poñendo de manifesto a necesidade de corrixir unha serie de deficiencias en relación co contido do Convenio, de conformidade co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), e de incorporar ao expediente unha memoria xustificativa, de conformidade co artigo 50.1 do citado texto legal.
6. Axustado o texto do Convenio de Colaboración proposto ás consideracións do informe de Secretaría, do 14 de agosto de 2023, de conformidade co artigo 49 da LRXSP, con data de 22 de agosto de 2023 incorporouse ao expediente a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade e oportunidade da sinatura do Convenio e do carácter non contractual da contido do mesmo, de conformidade co artigo 50.1 do citado texto legal.
7. De acordo co exposto, é de interese para ámbalas dúas partes intervenientes formalizar o presente Convenio entre o Concello de Teo e o Centro de Formación FUEGO Y MAR, para a mutua colaboración na formación e servizos no ámbito do territorio municipal.

En base aos antecedentes expostos, as partes comparecentes proceden a formalizar o presente Convenio de Colaboración, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Teo autorizará o uso de diversos espazos naturais sitios no seu termo municipal para celebrar diferentes exercicios prácticos pertencentes aos Cursos de Formación impartidos polo Centro, baixo as condicións específicas particularmente pactadas entre ambos intervenientes, asumindo FUEGO Y MAR as estipulacións establecidas polo Concello de TEO. Estes espazos a utilizar serán os que se detallan a continuación:

ESPAZO FORMATIVO	Superficie mínima m2	LOCALIZACIÓN
Espazo natural terrestre para prácticas de topografía, vixilancia e simulacros.	20.000	Pena Escorredía. 42° 50' 02.6" N-8° 32' 30.2" W
Espazo para prácticas de busca e rescate de persoas desaparecidas en grandes áreas e en aludes de neve	20.000	Pena Escorredía. 42° 50' 02.6" N-8° 32' 30.2" W
Espazo para prácticas de intervención ante incidencias na vialidade das redes de estradas	1.000	Pavillón dos Tilos 42° 50' 31.50" N-8° 32' 23.71" O
Espazo natural para prácticas de Topografía	20.000	Pena Escorredía. 42° 50' 02.6" N-8° 32' 30.2" W
Espazo natural para control de operacións na loita contra incendios forestais (vixilancia, prevención, toponimia).	20.000	Pena Escorredía. 42° 50' 02.6" N-8° 32' 30.2" W

Segunda.- O Centro FUEGO Y MAR comunicará ao Concello as datas es os espazos nos que se levarán a cabo cursos ou prácticas de cursos, de xeito que o Concello sexa coñecedor do calendario de exercicios a realizar por parte de FUEGO Y MAR. Dita comunicación deberá realizarse, como mínimo, con cinco días hábiles de antelación á data de comezo das actuacións. Así mesmo FUEGO Y MAR comprométese a cumprir fielmente as condicións estipuladas e a respectar e coidar as instalacións e/ou espazos utilizados, manténdooos en perfecto estado logo da súa utilización, deixándooos en óptimas condicións e máis especificamente, no que se refire á limpeza, ausencia de lixos ou desperdicios, respecto cara ao terreo, especies arbóreas ou arbustivas, viais e/ou elementos de mobiliario urbano, se é o caso. FUEGO Y MAR responsabilizarase de calquera dano que se puidera producir durante o horario e as xornadas de celebración dos cursos ou prácticas a impartir.

Terceira.- O Centro FUEGO Y MAR comprométese a impartir de xeito gratuito, cada ano de vixencia do Convenio, un curso de "Prevención, Loita contra incendios e extinción", nas súas instalacións e destinado a un máximo de 20 alumnos. Estes alumnos serán designados polo Concello de Teo, de entre os seus funcionarios e/ou traballadores dos servizos administrativos ou técnicos que o Concello considere oportuno.

Cuarta.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes poderá dar lugar á extinción do Convenio, de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Quinta.- O seguimento, vixilancia e control da execución do presente Convenio e dos compromisos adquiridos no mesmo levarase a cabo pola persoa titular da concellaría de Desenvolvemento industrial e Economía local, Angel Barreiro Rodríguez.

Sexta.- A modificación do contido do Convenio requirirá o acordo dos asinantes.

Sétima.- O prazo de vixencia do Convenio será dun ano, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse anualmente por acordo unánime dos asinantes ata un máximo de catro anos. Sen prexuízo do exposto, o Convenio poderá resolverse por acordo entre as partes.

Lido o Convenio e en proba da súa conformidade, ámbalas dúas partes, asinan dixitalmente o presente Convenio de Colaboración, do que como secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

DIRECTOR FUEGO Y MAR

Lucía Calvo de la Uz

Pedro Pablo Gutiérrez Buján

A SECRETARIA XERAL

Virginia Fraga Díaz

